A vivenda constitúe un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia. O acceso a unha vivenda digna, segura e alcanzable é un dereito constitucional que, porén, leva anos gravemente comprometido pola falta de planificación estratéxica, a inacción institucional e a renuncia da Xunta de Galicia de Alfonso Rueda a exercer unha política pública ambiciosa e sostida no tempo.

Galicia carece dun parque público de vivenda acorde ás necesidades da súa poboación. Mentres países como Austria ou os Países Baixos contan cun parque público ou social que representa entre o 15 % e o 25 % do total de vivendas, Galicia sitúase moi por debaixo do 5 %, á cola de Europa. Este déficit estrutural é especialmente grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas da poboación, especialmente a mocidade, as familias traballadoras e as persoas maiores, ven como o dereito á vivenda se transforma nun privilexio.

A realidade é incontestable: máis de 22.000 familias en Galicia están en lista de agarda para acceder a unha vivenda pública e cada día se suman 18 novas solicitudes. Mentres tanto, os prezos de compra e alugueiro continúan disparados e o mercado expulsa a milleiros de persoas cara á incerteza, á precariedade ou directamente ao risco de exclusión residencial.

Asinado o día 28/07/2025 ás
13:08
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/07/2025 ás
13:08
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

100921

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:09:46
Nº Rexistro: 29614
Data envío: 28/07/2025 13:09:46.001

En vez de actuar con responsabilidade, a Xunta de Galicia está a optar pola parálise, a confrontación partidaria e a renuncia aos recursos. O caso máis grave produciuse recentemente: o presidente da Xunta rexeitou 380 millóns de euros ofrecidos polo Goberno de España no marco do novo Plan Estatal de Vivenda, aprobado na Conferencia de Presidentes. Un investimento que multiplicaba por 2,5 o do período anterior e que permitiría construír 4.000 vivendas públicas de protección permanente en todo o territorio galego.

A decisión da Xunta de Galicia non ten outra explicación que a obediencia cega aos intereses do Partido Popular a nivel estatal. Mentres comunidades como Euskadi, Navarra, Canarias ou Asturias aceptaron os fondos e puxeron en marcha os mecanismos para aproveitalos, Galicia quedou fóra dunha oportunidade histórica para garantir o dereito á vivenda.

Cómpre lembrar que a proposta estatal non se limitaba ao investimento: incluía tamén medidas estruturais, como a creación dunha base de datos pública sobre prezos reais de mercado, a blindaxe do parque público de vivenda para evitar a súa desprotección e a implicación directa das comunidades autónomas e entidades locais nun novo modelo de planificación a longo prazo.

Non é admisible que, por motivos ideolóxicos, a Xunta de Galicia rexeite fondos estatais que pertencen á cidadanía galega. Non se trata dunha disputa entre administracións, senón da obriga ética e política de garantir un dereito básico para milleiros de persoas que viven coa angustia de non poder acceder a un teito digno.

O que está en xogo é a cohesión social, a igualdade de oportunidades, o reequilibrio territorial e o futuro dunha xeración enteira que non pode iniciar proxectos vitais nin arraigar nas súas vilas e cidades. Galicia precisa unha política pública de vivenda valente, responsable e aliñada cos retos do presente.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

100922

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:09:46
Nº Rexistro: 29614
Data envío: 28/07/2025 13:09:46.001

Por todo o exposto, o deputado-portavoz, deputado e deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai aceptar a Xunta de Galicia os 380 millóns de euros asignados polo Goberno de España no marco do novo Plan Estatal de Vivenda para garantir a construción de, polo menos, 4.000 vivendas públicas protexidas en Galicia?

Santiago de Compostela, a 28 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

100923

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/07/2025 13:08:49

Carlos López Font na data 28/07/2025 13:08:55

Paloma Castro Rey na data 28/07/2025 13:09:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:09:46
Nº Rexistro: 29614
Data envío: 28/07/2025 13:09:46.001

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 13:09:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:09:46
Nº Rexistro: 29614
Data envío: 28/07/2025 13:09:46.001

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:15:33
Nº Rexistro: 29617
Data envío: 28/07/2025 13:15:33,641

Asinado o día 28/07/2025 ás 13:14
Por José Luis Ferro Iglesias

Á Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é unha institución cultural que alberga unha importante colección de fondos de diversas tipoloxías e de gran riqueza para Ourense e para Galicia.

As coleccións que garda conteñen unha ampla sección histórico-arqueolóxica, con series representativas do mundo paleolítico e megalítico; pezas do mundo castrexo e galaicorromano e as de época romana, destacando a epigrafía.

Do mesmo xeito, tamén custodia tamén unha serie arqueolóxica prerrománica e medieval, principalmente construtiva, ademais dunha sección de belas artes, que reúne escultura do renacemento e barroco e pintura dos séculos XVII, XVIII e finais do XIX.

A historia recente do Museo, de titularidade estatal e de xestión autonómica, podería resumirse en atrasos e promesas incumplidas por parte dun Goberno central que leva 23 anos dilatando un proceso de reforma que parece non rematar nunca.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Con que información conta o Goberno galego sobre o estado actual da reforma do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense?

Asinado o día 28/07/2025 ás 13:13
Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 28/07/2025 ás 13:13
Por Juan Manuel Casares Gándara

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:15:33
Nº Rexistro: 29617
Data envío: 28/07/2025 13:15:33,641

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 28/07/2025 13:13:36

Víctor Baladrón Lamas na data 28/07/2025 13:13:49

José Luis Ferro Iglesias na data 28/07/2025 13:14:01

Julio García Comesaña na data 28/07/2025 13:14:10

Patricia García González na data 28/07/2025 13:14:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/07/2025 13:14:31

Carmen Pomar Tojo na data 28/07/2025 13:14:45

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/07/2025 13:14:56

Raúl Santamaría González na data 28/07/2025 13:15:06

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/07/2025 13:15:18



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:15:33
Nº Rexistro: 29617
Data envío: 28/07/2025 13:15:33,641

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 13:15:35

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Juan Casares Gándara, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Após da publicación no DOG do Decreto 86/2019, o 20 de xullo de 2019 abriu as súas portas no concello ourensán de Ribadavia o Museo do Viño de Galicia, cuxa titularidade lle corresponde á Xunta de Galicia.

O Museo do Viño ten como finalidade recuperar, documentar, conservar e difundir o patrimonio cultural vitivinícola de Galicia para o coñecemento, a aprendizaxe e o gozo da cidadanía, en xeral, e o aproveitamento e a consulta do persoal investigador do universo vitivinícola, en particular.

A exposición permanente, distribuída en oito salas, está dedicada ao cultivo da vide e ao proceso produtivo do viño ao longo da historia en Galicia, con paneis explicativos e obxectos como ferramentas, escritos, instrumentos, etc..

A través da súa actividade, este centro museístico aporta un valor engadido ao territorio a través do enoturismo, cunha oferta extraordinaria que é reclamo de visitantes chegados desde moi diversos lugares.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego da actividade desenvolvida polo Museo do Viño de Galicia?

Asinado o día 28/07/2025 ás 13:19
Por Víctor Baladrón Lamas

Asinado o día 28/07/2025 ás 13:19
Por Juan Manuel Casares Gándara

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 28/07/2025 13:19:38

Víctor Baladrón Lamas na data 28/07/2025 13:19:52

José Luis Ferro Iglesias na data 28/07/2025 13:20:07

Julio García Comesaña na data 28/07/2025 13:20:17

Patricia García González na data 28/07/2025 13:20:27

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/07/2025 13:20:38

Carmen Pomar Tojo na data 28/07/2025 13:20:50

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/07/2025 13:21:02

Raúl Santamaría González na data 28/07/2025 13:21:12

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/07/2025 13:21:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 13:21:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:21:41
Nº Rexistro: 29619
Data envío: 28/07/2025 13:21:41.584

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, a cesión realizada polo CIFP de Cantería de Galicia dunhas esculturas co escudo de España e outra dunha virxe para actos da Xunta de Galiza e expoñer en espazos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño o Conselleiro de Educación, o Sr. Román Rodríguez, anunciou novidades nas instrucións para o vindeiro curso escolar, que serían publicadas posteriormente no DOG. Entre outras medidas atópase o control das actividades que se realicen nas aulas coa finalidade de amordazar as opinións críticas do alumnado e profesorado ante accións e decisións políticas que claramente están a prexudicar á cidadanía galega.

Malia esta orde emitida pola Consellería de Educación de “neutralidade ideolóxica” e “principios constitucionais”, o Conselleiro participou na entrega dun escudo de España cedido polo CIFP de Cantería de Galicia á BRILAT, Brigada de Infantería Aerotransportable. A Escultura quedou colocada nas instalacións desta unidade do Exército de Terra na Base General Morillo do concello de Vilaboa. Román Rodríguez fixo mención neste acto a outra escultura da Virxe do Carme cedida polo mesmo centro público de FP que foi colocada no porto pesqueiro do Berbés en Vigo.

Queda pois claro que lonxe de querer implementar medidas reais de convivencia máis democráticas, como di a orde, o que pretende o Goberno do PP na Xunta de Galiza

Asinado o día 28/07/2025 ás
13:42
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 28/07/2025 ás
13:42
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

é impoñer unha mordaza ao ensino e censurar todas as actividades que son organizadas dentro dos centros escolares que buscan fomentar o pensamento crítico, tan só para frenar as ideas progresistas e democráticas, impulsando aquelas máis reaccionarias e ultras que eles mesmos fomentan.

Así acontece que a Consellería prohibiu aos centros exhibir bandeiras en apoio do pobo masacrado palestino, participar no ArteLixo en Redondela ou manifestarse en prol do uso do galego nas aulas e na sociedade, mentres se gastan millóns de euros en pagar ao profesorado de relixión para adoutrinar ao alumnado, se encargan escudos do estado español ou imaxes relixiosas para actos públicos oficiais con marcada tendencia ideolóxica da ultradereita.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Quen deu a orde de que o alumnado do CIFP de Cantería de Galicia elaborase esculturas con simbología e imaxes relixiosas que foron cedidas á Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 28/07/2025 13:42:41

Luis Bará Torres na data 28/07/2025 13:42:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:43:27
Nº Rexistro: 29622
Data envío: 28/07/2025 13:43:27.412

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 13:43:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:43:27
Nº Rexistro: 29622
Data envío: 28/07/2025 13:43:27.412

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29624
Data envío: 28/07/2025 14:21:30,736

Asinado o día 28/07/2025 ás 14:16
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia desenvolve ao longo deste ano -2025- o plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información ás mulleres (CIM) en Galicia. Os CIM, de titularidade municipal, son un recurso fundamental para o acompañamento das mulleres, a promoción da igualdade nos concellos galegos, a atención de vítimas de violencia de xénero, e o acompañamento ás persoas LGTBI. Este centros proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, información en materia de recursos e asesoramento e orientación social. En Galicia existen 84 CIM que dan servizo a preto de 200 concellos e proporciónase unha atención integral e de proximidade a máis de 16.700 persoas cada ano.

O Goberno galego sempre foi consciente da importante función e da prioridade do traballo das profesionais dos CIM, por iso, comprometeuse a seguir ampliando o seu apoio co obxectivo de mellorar as condicións laborais das profesionais e a atención que se ofrece desde cada un dos centros. E todo iso, poñendo especial énfase no rural.

De feito no ano en curso, 2025, o Goberno galego incrementou o apoio económico anual para estes centros nun 30,6% superando os 6,5 millóns de euros, e avanzou a posta en marcha do plan integral para impulsar a actividade destes centros, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

É por iso polo que, as deputadas e deputados do Grupo Popular asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Cales son as liñas básicas do plan integral de actuación para a renovación e impulso do CIMs?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2025

Asinado o día 28/07/2025 ás 14:16
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/07/2025 14:16:03
Noelia Pérez López na data 28/07/2025 14:16:16
Ethel Vázquez Mourelle na data 28/07/2025 14:16:28
María Encarnación Amigo Díaz na data 28/07/2025 14:16:58
Víctor Baladrón Lamas na data 28/07/2025 14:17:14
Nicole Grueira Fernández na data 28/07/2025 14:17:23
Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/07/2025 14:17:32
Argimiro Marnotes Fernández na data 28/07/2025 14:17:43
Maria Magdalena Perez Millares na data 28/07/2025 14:17:50



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 14:21:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29624
Data envío: 28/07/2025 14:21:30.736

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

O Goberno de España vén de impoñer unilateralmente e sen diálogo coas comunidades autónomas un Real Decreto que regula o traspaso de menores migrantes non acompañados. A norma estatal consolida un reparto inxusto e incoherente, feito sen planificación e sen financiamento e que a xuízo dos técnicos autonómicos, invade competencias en materia de asistencia social e protección de menores que son propias da nosa comunidade.

Esta mesma razón levou ao Goberno galego encargar unha análise e estudo da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e a solicitar ao Consello Consultivo, un informe sobre a constitucionalidade do Real Decreto. Cómpre lembrar que o Consello Consultivo de Galicia é un órgano que actúa con independencia e autonomía orgánica e funcional e cuxa principal tarefa é emitir ditames sobre asuntos xurídicos a instancias da Xunta de Galicia ou doutras administracións públicas, especialmente en materia de lexislación e regulamentación.

Desde Galicia sempre vimos defendendo que somos unha comunidade acolledora e solidaria, especialmente ante a problemática que está a supoñer a intensificación da inmigración procedente do continente africano, pero a atención, asistencia e apoio a estas persoas en situación de vulnerabilidade debe facerse coas máximas garantías e pensando sempre no interese superior do menor migrante non acompañado.

A realidade é que o Goberno de España actúa sen atender sen pensar nestes menores, impoñendo, ademais, ás comunidades autónomas uns criterios que están feitos á medida dos socios de Goberno de Sánchez e que poñen en risco o noso sistema de protección, que é un dos máis integradores de España.

Ante esta situación, por responsabilidade, lóxica e coherencia desde Galicia volvemos a denunciar o fracaso das políticas migratorias do Goberno central, que é o competente na materia, e a nula planificación e coordinación coas comunidades autónomas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29626
Data envío: 28/07/2025 14:31:59.708

Que valoración fai a Xunta de Galicia do Real Decreto estatal que regula o traspaso de menores migrantes non acompañados?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/07/2025 13:47:37
María Encarnación Amigo Díaz na data 28/07/2025 13:48:29
Víctor Baladrón Lamas na data 28/07/2025 13:48:54
Nicole Grueira Fernández na data 28/07/2025 13:49:21
Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/07/2025 13:49:38
Argimiro Marnotes Fernández na data 28/07/2025 14:26:09
Noelia Pérez López na data 28/07/2025 14:26:48
Ethel Vázquez Mourelle na data 28/07/2025 14:27:05
Maria Magdalena Perez Millares na data 28/07/2025 14:27:56



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 14:32:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29626
Data envío: 28/07/2025 14:31:59.708

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29635
Data envío: 28/07/2025 18:47:44.449

Asinado o día 28/07/25
18:43
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia segue a apostar pola Tarxeta Benvida e deste xeito consolídase unha iniciativa que serve de apoio económico aos pais e nais que deciden ter un fillo.

A actual convocatoria contempla, ao igual que no 2024, a concesión da Tarxeta Benvida a mulleres embarazadas a partir da semana 21 da xestación, para que estas familias poidan utilizala para realizar compras previas ao nacemento, xa que é un momento no que os pais xa adquiren produtos que necesitarán cando chegue o bebé, por exemplo un berce ou un dispositivo para poder levalo no coche. Concretamente, en 2024 un total de 3.270 mulleres embarazadas recibiron a tarxeta antes de nacer o neno.

Ademais, tamén se lle concede a tarxeta ás familias que acollan de xeito permanente a un ou máis menores de ata tres anos de idade. O obxectivo desta medida é fomentar o acollemento familiar.

Incorpora tamén novas medidas para facilitar que as familias non teñan que realizar o trámite ordinario de solicitude da Tarxeta Benvida, polo que se evitan o papelame e axilizan todos os procedementos. Deste xeito, para solicitala só será necesario presentar un único formulario.

A Tarxeta Benvida forma parte das medidas que o Goberno galego está a impulsar nos últimos anos para apoiar ás familias, tales como: a gratuidade das escolas infantís, as casas niño ou o Bono Concilia Familia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cantas familias foron beneficiarias pola concesión da Tarxeta Benvida desde a súa implantación no ano 2016?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2025

Asinado o día 28/07/2025 ás
18:42
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/07/2025 18:42:47

Noelia Pérez López na data 28/07/2025 18:42:54

Ethel Vázquez Mourelle na data 28/07/2025 18:43:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/07/2025 18:43:24

Víctor Baladrón Lamas na data 28/07/2025 18:43:37

Nicole Grueira Fernández na data 28/07/2025 18:43:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 28/07/2025 18:44:16

Maria Magdalena Perez Millares na data 28/07/2025 18:44:21

Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/07/2025 18:45:03



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29635
Data envío: 28/07/2025 18:47:44.449

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 18:47:47

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Como cada ano, a Xunta de Galicia aprobou unha nova orde de axudas destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural, que inclúe un incremento de case un 5% da subvención que viñan percibindo as titulares destes pequenos centros de atención á primeira infancia que son totalmente gratuítos para as familias.

O orzamento total da convocatoria vixente ascende a 10,5 millóns de euros e poderán acollerse a ela aquelas casas que leven funcionando máis de tres anos.

Galicia ten na actualidade máis de 100 casas niño en servizo distribuídas por todo o territorio galego, entre as que suman máis de 500 prazas gratuítas para nenos de 0 anos.

O obxectivo é dar continuidade a este recurso e seguir atendendo ás necesidades de conciliación da vida persoal e laboral das familias nos concellos rurais de Galicia nos que están establecidas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que vai a supor o aumento da subvención destinada a apoiar o funcionamento das casas niño do rural aos titulares destes centros?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/07/2025 18:54:51
Noelia Pérez López na data 28/07/2025 18:54:58
Ethel Vázquez Mourelle na data 28/07/2025 18:55:14
María Encarnación Amigo Díaz na data 28/07/2025 18:55:21
Víctor Baladrón Lamas na data 28/07/2025 18:55:48
Nicole Grueira Fernández na data 28/07/2025 18:55:56
Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/07/2025 18:56:05
Argimiro Marnotes Fernández na data 28/07/2025 18:56:14
Maria Magdalena Perez Millares na data 28/07/2025 18:56:28



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29639
Data envío: 28/07/2025 19:01:52.021

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 19:01:52

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a adoptar pola Xunta de Galiza coa duna de area na estrada AC-440, na entrada de Muxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño do ano pasado, este grupo parlamentar rexistrou varias iniciativas (Nº de rexistro 5379 a 5384) para reclamar ao goberno da Xunta de Galiza a adopción de medidas na estrada AC-440, na entrada de Muxía, ao moverse pola acción do vento do Nordés, como todos os anos, a duna que durante anos se despraza dende a praia, cruzando a estrada, ao seu sitio natural, dificultando a circulación do tráfico na vía de acceso principal no pobo, xa que a duna na estrada chega a acadar o metro de altura nalgún tramo, como volveu a ocorrer estes días.

Daquela xa advertíramos que esta circunstancia non era puntual, pois o vento nesta zona, sopra durante todo o ano, e o problema persiste, sen que a Xunta de Galiza, titular da estrada e xa con máis competencias en ordenación e xestión integrada do litoral, adopte unha solución para resolver esta situación, sen esperar a ter que canalizar o tráfico de vehículos por un só carril, na principal vía de acceso á vila de Muxía, nunha época na que o fluxo de turistas é maior, aumentando o tráfico e dificultando a accesibilidade á toda veciñanza.

O goberno contestou o ano pasado á pregunta escrita formulada por este grupo (Nº rexistro entrada 6694) co seguinte texto: “A AC-440 no acceso a Muxía ten

Asinado o día 29/07/2025 ás
09:28
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 29/07/2025 ás
09:28
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implicacións directas tanto para a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) como para Costas do Estado, xa que a area provén do dominio Público Marítimo Terrestre. A AXI realiza a limpeza da estrada cando se compromete a súa funcionalidade, está en contacto técnico coa demarcación de Costas do Estado, e está a realizar un estudo técnico do que se derivarán as posibles medidas a adoptar ante a situación que se produce”.

A Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza, establece entre outros o fin da prevención e redución dos efectos dos riscos naturais, en particular da emerxencia climática, que poidan ser causados por actividades naturais ou humanas, e atribúe competencias á Xunta de Galiza para adoptar medidas para paliar estes efectos.

A día de hoxe, seguimos sen ter noticias sobre o estudo técnico que comezaron a realizar hai un ano a AXI e Costas do Estado, seguimos sen que a Xunta actúe de forma urxente para evitar os problemas de tráfico na estrada, e namentres o vento segue soprando e o problema persiste sen solucionarse.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Vai a exercer as súas competencias a Xunta de Galiza para resolver este problema, ou vai seguir eludindo o problema para responsabilizar a outras administracións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 29/07/2025 9:28:24

Luis Bará Torres na data 29/07/2025 9:28:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29708
Data envío: 29/07/2025 09:29:31.490

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:29:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29708
Data envío: 29/07/2025 09:29:31.490

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir o convenio e resolver a débeda pendente co Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza leva varios anos incumprindo o compromiso asinado no convenio de 2004 polo que se comprometía a financiar a Orquestra Sinfónica de Galiza anualmente con 3 millóns de euros.

Desde hai máis dunha década a Xunta de Galiza achega ao Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza unha cantidade inferior á asinada no convenio, acumulando unha débeda de máis de 5 millóns de euros que está a comprometer a viabilidade da Orquestra Sinfónica, do Coro, da Orquestra Xove e das agrupacións infantís.

Desde o grupo parlamentario do BNG defendemos na Comisión 4ª celebrada o 21 de novembro de 2024 a necesidade de a Xunta sentarse a falar coa xerencia do Consorcio para acordar un plan económico extraordinario co obxectivo de resolver a débeda contraída co financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Unha demanda xusta á que o PP respondeu co seu voto en contra.

Asinado o día 29/07/2025 ás
09:52
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 29/07/2025 ás
09:52
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta demanda volveu facerse pública a través das palabras do novo xerente do Consorcio para a Promoción da Música, nomeado recentemente. Esta débeda millonaria leva varios anos lastrando o proxecto musical e didáctico de excelencia que lidera e impulsa a Orquestra Sinfónica de Galiza dentro e fóra do país.

Neste sentido, en días pasados o xerente do Consorcio para a Promoción da Música fixo pública a decisión de cancelar a agardada actuación anual da Orquestra Xove dentro do programa das Festas María Pita, como unha das medidas extraordinarias que se ve obrigado a tomar por mor da delicada situación financeira do Consorcio para a Promoción da Música á que, entre outros factores vinculados á xestión económica da xerencia anterior, tamén ten contribuído moi directamente cunha débeda acumulada superior aos 5 millóns de euros.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai reverter a Xunta a débeda millonaria contraída coa Orquestra Sinfónica de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/07/2025 9:52:47

Iria Taibo Corsanego na data 29/07/2025 9:52:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:54:49
Nº Rexistro: 29714
Data envío: 29/07/2025 09:54:49.350

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:54:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:54:49
Nº Rexistro: 29714
Data envío: 29/07/2025 09:54:49.350

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a importancia de a Xunta se implicar para que a Colección Orol faga parte do catálogo patrimonial público galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de xuño o DOB publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural sete moedas históricas de Galicia.

Estas moedas pertencen a un fondo patrimonial moito maior coñecido como Colección Orol, pertencente a un numismático galego, Antonio Orol Pernas, xa falecido, considerado un dos máis destacados investigadores da numismática galega e un dos maiores coleccionistas.

A Xunta publicou esta resolución apenas un día antes de seren ofertadas en poxa pública, circunstancia coñecida publicamente a través dos medios de comunicación e ante a que reaxiu o grupo parlamentario do BNG rexistrando varias iniciativas parlamentares demandando do goberno galego que actuase para a súa protección e conservación no fondo patrimonial galego, unha vez coñecido o alto valor dalgunha das moedas.

A colección de moedas exposta a poxa pública destacaba polo alto valor histórico e polo incalculábel valor económico. De feito, unha das moedas, considerada

Asinado o día 29/07/2025 ás
10:01
Por Daniel Castro García

Asinado o día 29/07/2025 ás
10:01
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polos historiadores como a primeira acuñada co nome de Galiza foi adquirida por 52.500 euros.

No BNG entendemos que un patrimonio cultural desta altura debería pasar a facer parte do patrimonio cultural galego co obxectivo de ser exposto para o coñecemento e goce da sociedade galega.

Por iso no seu momento instamos a Xunta a través dunha Proposición non de lei a analizar a Colección Orol, en venda en poxa pública, para valorar a incoación do expediente BIC daquelas que foren patrimonio histórico cultural galego e valorar a compra, exercendo o dereito de tanteo que lle permite a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza, para asegurar a súa permanencia no catálogo patrimonial público galego. Asemade, instabamos a solicitar ao goberno do Estado que as declarase inexportábeis.

Actualmente, a Xunta ten declarada a incoación do procedemento BIC para sete moedas históricas da Colección Orol, o que, sendo unha primeira acción importante, semella insuficiente, xa que hai pezas que están consideradas únicas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

- Comprométese a Xunta a exercer o dereito de tanteo para comprar as pezas de maior valor histórico, simbólico e económico para a cultura patrimonial galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/07/2025 10:01:24

Daniel Castro García na data 29/07/2025 10:01:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:03:42
Nº Rexistro: 29721
Data envío: 29/07/2025 10:03:42.527

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 10:03:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:03:42
Nº Rexistro: 29721
Data envío: 29/07/2025 10:03:42.527

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:16:21
Nº Rexistro: 29726
Data envío: 29/07/2025 10:16:21.670

Asinado o día 29/07/2025 ás 10:14
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Alberto Pazos Couñago, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dentro do patrimonio natural e cultural galego, as illas de San Simón e de Santo Antón constitúen un excepcional enclave cunha forte carga simbólica colectiva vinculada cos seus diversos papeis ao longo da historia: idílica referencia literaria da poesía medieval, testemuña de traxedias e avatares marítimos, refuxio monacal, lazareto para doentes infecciosos, cárcere do réxime ditatorial franquista...

Asinado o día 29/07/2025 ás 10:14
Por Alberto Pazos Couñago

Hoxe, a illa de San Simón é un espazo público de especial valor para o desenvolvemento cultural de Galicia, nun contorno de gran valor patrimonial e ambiental, polo que en 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, formando tamén parte, a illa e a súa enseada, da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido.

Ao longo do ano, a Illa recibe visitantes e acolle o desenvolvemento dunha extensa programación, como lugar de colaboración con diversas entidades e organismos para actividades formativas, de investigación e de lecer como poden ser as residencias literarias, o campamento Fiddle ou o Festival Sinsal.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, encárgase da xestión e de fixar as normas para visitar ou realizar actividades nas illas.

Asinado o día 29/07/2025 ás 10:14
Por José Luis Ferro Iglesias

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:16:21
Nº Rexistro: 29726
Data envío: 29/07/2025 10:16:21.670

Que balance fai a Xunta de Galicia da programación cultural da Illa de San Simón?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 29/07/2025 10:14:05
Alberto Pazos Couñago na data 29/07/2025 10:14:18
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 10:14:30
Julio García Comesaña na data 29/07/2025 10:14:39
Patricia García González na data 29/07/2025 10:14:50
Rubén Lorenzo Gómez na data 29/07/2025 10:15:10
Carmen Pomar Tojo na data 29/07/2025 10:15:25
María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/07/2025 10:15:37
Raúl Santamaría González na data 29/07/2025 10:15:53
Cecilia Vázquez Suárez na data 29/07/2025 10:16:05



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:16:21
Nº Rexistro: 29726
Data envío: 29/07/2025 10:16:21.670

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 10:16:22

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nunha comparecencia a petición propia, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude anunciou no Pleno do Parlamento a vontade do Goberno galego de iniciar os traballos para acadar un gran Pacto pola Lingua.

Un ano despois, cumprindo coa súa palabra, o Goberno ten impulsado distintas iniciativas no marco do Pacto.

Desde reunións con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, ata consultas con representantes de todos os sectores que participan activamente na promoción e a difusión da nosa lingua.

Neste senso, tamén se iniciaron os traballos para proceder á renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento na VI Lexislatura.

Para desenvolver estas tarefas, a Xunta de Galicia convocou o pasado 12 de febreiro a máis de 100 profesionais de diferentes ámbitos, que se distribuirán en once grupos de traballo coa ollada posta en adaptar o Plan á realidade social da Galicia de hoxe.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego dos traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:22:43
Nº Rexistro: 29730
Data envío: 29/07/2025 10:22:43,758

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 29/07/2025 10:20:47
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 10:21:00
Julio García Comesaña na data 29/07/2025 10:21:10
Patricia García González na data 29/07/2025 10:21:20
Rubén Lorenzo Gómez na data 29/07/2025 10:21:33
Carmen Pomar Tojo na data 29/07/2025 10:21:48
María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/07/2025 10:22:03
Raúl Santamaría González na data 29/07/2025 10:22:14
Cecilia Vázquez Suárez na data 29/07/2025 10:22:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 10:22:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:22:43
Nº Rexistro: 29730
Data envío: 29/07/2025 10:22:43,758

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:30:14
Nº Rexistro: 29732
Data envío: 29/07/2025 10:30:14.909

Asinado o día 29/07/2025
10:28
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

José Luis Ferro Iglesias, Alberto Pazos Couñago, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 2008, representa un símbolo para entender o pasado máis recente de Galicia.

Tras anos de reclamación social e institucional, en 2020 a Xustiza recoñeceu a súa titularidade pública, pasando a formar parte do patrimonio do Estado.

Nos últimos meses denunciouse a imposibilidade de realizar visitas ao recinto, o que vulnera o principio de acceso público aos bens patrimoniais.

Esta situación pon en cuestión o compromiso do Goberno de España co dereito da cidadanía a visitar este inmovible de alto valor histórico.

Ademais, a falta de claridade sobre a xestión do inmovible e a ausencia dun plan de usos definido xeran incerteza sobre o futuro do Pazo.

Diversos acordos no Parlamento galego e a propia vontade da Xunta de Galicia ten expresado o seu interese en participar na xestión do Pazo e, incluso, asumir a súa titularidade.

Data asento: 29/07/2025 13:14:42
Nº Rexistro: 29815
Data envío: 29/07/2025 13:14:42.678

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:11
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

Garantir o benestar infantil implica obrigatoriamente mellorar os mecanismos de detección das situacións de desamparo ou de risco, desenvolver programas preventivos e mellorar a eficacia dos servizos, actuacións e medidas de intervención.

Para o Goberno galego, na atención á infancia e á adolescencia teñen carácter prioritario as actuacións dirixidas a previr posibles situacións de desprotección e conflito social, así como as graves carencias que menoscaben o seu desenvolvemento.

Un neno ou nena está desprotexido cando as persoas que están obrigadas a prestarlle atención e coidado non o fan, ou o fan de xeito indebido, e como consecuencia o menor carece da necesaria asistencia moral ou material. Nestes casos falamos de desamparo.

Tamén hai desprotección cando se produce calquera circunstancia que prexudica o desenvolvemento persoal, familiar ou social do neno ou nena, e que permite temer que no futuro poida chegar a constituír desamparo.

En todos estes casos deben intervir os servizos sociais e, nos supostos mais graves, a Administración asume a tutela dos menores, e a patria potestade que corresponda aos pais queda suspendida.

Neste sentido, cando se constata unha situación de risco, a actuación dos poderes públicos debe orientarse cara ao apoio á familia mediante o asesoramento e apoio técnico, a mediación en conflitos, as axudas económicas temporais, a educación familiar, e outras, de forma que os pais estean capacitados para atender aos seus fillos e fillas, e que estes poidan gozar dunhas condicións axeitadas desde o punto de vista social, económico e cultural.

Cando a situación é de desamparo, nese caso é a propia Administración a que asume a tutela administrativa dos menores e adopta outras medidas tales como o traballo coa familia de orixe, a garda temporal do menor por unha familia alternativa ou un centro especializado, ou a súa integración definitiva nunha familia adoptiva.

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:10
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:10
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. De que recursos dispón o Goberno galego para os nenos e adolescentes en situación de vulnerabilidade?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 29/07/2025 13:10:31
Noelia Pérez López na data 29/07/2025 13:10:40
Ethel Vázquez Mourelle na data 29/07/2025 13:11:01
María Encarnación Amigo Díaz na data 29/07/2025 13:11:11
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:11:22
Nicole Grueira Fernández na data 29/07/2025 13:11:34
Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/07/2025 13:11:42
Argimiro Marnotes Fernández na data 29/07/2025 13:11:51
Maria Magdalena Perez Millares na data 29/07/2025 13:11:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:14:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:14:42
Nº Rexistro: 29815
Data envío: 29/07/2025 13:14:42.678

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:16:37
Nº Rexistro: 29818
Data envío: 29/07/2025 13:16:37,384

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:10
Por José Luis Ferro Iglesias

A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Muralla de Lugo é un monumento propiedade da Xunta de Galicia que xestiona a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), segundo o que establece a Real Orde do 16.04.1921 (GAC do 23.04.1921).

As súas características fan dela un monumento senlleiro e único, integrante do patrimonio cultural de Galicia e incorporado pola Unesco ao listado do patrimonio mundial. Tamén é un ben público incorporado ao ambiente e espazo urbano da cidade de Lugo non só polo seu valor cultural, senón como espazo significativo da cidade e de uso cotián dos seus habitantes.

Na mesma, a Xunta de Galicia leva a cabo intervencións traballos de conservación e mantemento, que atenden, entre outros, á limpeza da vexetación do adarve e dos lenzos (interior e exterior).

Por iso, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

- Que traballos leva a cabo a Xunta de Galicia en relación coa conservación e o mantemento da Muralla de Lugo?

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:10
Por Rubén Lorenzo Gómez

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025.

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:10
Por Carmen Pomar Tojo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 29/07/2025 13:10:12
Rubén Lorenzo Gómez na data 29/07/2025 13:10:30
José Luis Ferro Iglesias na data 29/07/2025 13:10:51
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:11:01
Julio García Comesaña na data 29/07/2025 13:11:11
Patricia García González na data 29/07/2025 13:11:20
María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/07/2025 13:11:36
Raúl Santamaría González na data 29/07/2025 13:11:52
Cecilia Vázquez Suárez na data 29/07/2025 13:12:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:16:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:16:37
Nº Rexistro: 29818
Data envío: 29/07/2025 13:16:37.384

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:17:13
Nº Rexistro: 29820
Data envío: 29/07/2025 13:17:13.268

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:14
Por José Luis Ferro Iglesias

A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Rede de Bibliotecas de Galicia é unha rede colaborativa da que forman parte a gran maioría das bibliotecas públicas galegas, adoptando uns servizos e unhas políticas bibliotecarias comúns. Seguindo este criterio de uniformidade, esta Rede foi creada para desenvolver e planificar a oferta bibliotecaria pública de todo o país.

De acordo con isto, as bibliotecas integradas na Rede comparten un catálogo único e prestan servizos indistintamente a calquera persoa que dispoña do carné de biblioteca dunha das bibliotecas que forman parte dela.

A dirección e coordinación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é responsabilidade da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que balance fai o Goberno galego do traballo desenvolvido pola Rede de Bibliotecas de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025.

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:14
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:13
Por Carmen Pomar Tojo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 29/07/2025 13:13:56
Rubén Lorenzo Gómez na data 29/07/2025 13:14:08
José Luis Ferro Iglesias na data 29/07/2025 13:14:22
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:14:35
Julio García Comesaña na data 29/07/2025 13:14:47
Patricia García González na data 29/07/2025 13:15:01
María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/07/2025 13:15:09
Raúl Santamaría González na data 29/07/2025 13:15:35
Cecilia Vázquez Suárez na data 29/07/2025 13:16:02



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:17:13
Nº Rexistro: 29820
Data envío: 29/07/2025 13:17:13.268

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:17:13

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:31:29
Nº Rexistro: 29849
Data envío: 29/07/2025 13:31:29.104

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:27
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

O 1 de xaneiro de 2025 entraba en vigor o Plan de Simplificación e Axilización da Dependencia e a Discapacidade co obxectivo de seguir mellorando o acceso a estes servizos e o dereito ás prestacións do sistema de coidado e atención ás persoas que se atopan nesta situación. Para tal fin o Goberno galego reservou un investimento de 90 millóns de euros.

Este plan conta con sete eixos principais: reducir ao máximo a burocracia, fixar un procedemento conxunto que aforre tempos e trámites, a mellora da xestión das citas, a optimización da xestión administrativa, o reforzo do papel dos servizos sociais, o establecemento dun protocolo de colaboración entre Política Social e o Sergas e a posta en marcha dun plan de formación.

Así por exemplo, para avanzar na eliminación das trabas burocráticas, os solicitantes non teñen que presentar un documento máis que a solicitude, que incorpora a información social e familiar suficiente para resolver.

Outra das novidades é a unificación dos procedementos de dependencia e discapacidade. Así, poden solicitarse ao mesmo tempo e cunha única cita e tamén se valorarán e resolverán de xeito conxunto, emitíndose ao mesmo tempo o recoñecemento do grao de dependencia, a aprobación do Programa Individual de Atención (PIA) e a porcentaxe de discapacidade.

Este plan tamén inclúe a ampliación ata o ano 2027 do reforzo de persoal para as valoracións, que supuxo continuar con 107 profesionais adicionais e un sistema de valoración da produtividade con incentivos económicos. Con este plan blindase ademais o traballo dos servizos sociais de base, de xeito que se centren na atención directa das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrático.

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:26
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:26
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de Simplificación e Axilización da Dependencia e a Discapacidade?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 29/07/2025 13:26:51
Noelia Pérez López na data 29/07/2025 13:26:59
Ethel Vázquez Mourelle na data 29/07/2025 13:27:08
María Encarnación Amigo Díaz na data 29/07/2025 13:27:16
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:27:25
Nicole Grueira Fernández na data 29/07/2025 13:27:38
Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/07/2025 13:27:47
Argimiro Marnotes Fernández na data 29/07/2025 13:27:57
Maria Magdalena Perez Millares na data 29/07/2025 13:28:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:31:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:31:29
Nº Rexistro: 29849
Data envío: 29/07/2025 13:31:29.104

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:32:58
Nº Rexistro: 29862
Data envío: 29/07/2025 13:32:58,887

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:30
Por José Luis Ferro Iglesias

A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Rede Galega de Teatros e Auditorios foi constituída pola Xunta de Galicia en 1996 coa intención de impulsar e espallar polo territorio as artes escénicas e musicais, con especial protagonismo do teatro e das compañías galegas.

A xestión da Rede correspóndelle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, quen cofinancia as actividades cos concellos e as entidades xestoras dos espazos asociados.

Hoxe, despois de case trinta anos de traxectoria, pode afirmarse que a Rede Galega de Teatros e Auditorios se ten consolidado como o principal circuío para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional, cunha programación estable e atractiva que cada ano percorre toda Galicia, atraendo cada vez máis público.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que balance fai a Xunta de Galicia das actividades desenvolvidas pola Rede Galega de Teatros e Auditorios?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025.

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:30
Por Carmen Pomar Tojo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 29/07/2025 13:30:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/07/2025 13:30:37

José Luis Ferro Iglesias na data 29/07/2025 13:30:59

Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:31:09

Cecilia Vázquez Suárez na data 29/07/2025 13:31:29,29/07/2025 13:32:23

Julio García Comesaña na data 29/07/2025 13:31:46

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/07/2025 13:31:56

Raúl Santamaría González na data 29/07/2025 13:32:07



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:32:58
Nº Rexistro: 29862
Data envío: 29/07/2025 13:32:58,887

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:32:59

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, xunto coa Conselleira Política Social, Fabiola García, anunciaba o pasado 23 de marzo a creación da primeira unidade de atención postemperá pública en Galicia. Será en Vigo, no edificio “la gota de leite”, que tamén ampliará a escola infantil e contará con un punto de encontro familiar.

A unidade de atención postemperá implica que se vai poder estender a atención de psicólogos, logopedas, pedagogos ou fisioterapeutas a nenas e nenos de ata 12 anos, se fose preciso.

Esta unidade supón un novo pulo da Xunta de Galicia a atención para previr e actuar ante problemas de desenvolvemento.

Neste momento a Rede Galega de atención temperá conta xa con 51 unidades para asistir a nenos de ata 6 anos de 200 concellos de Galicia e a 5.000 familias.

Hai que lembrar que en 2009 existían tan só na Comunidade dúas unidades que daban cobertura a 15 municipios.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da rede de atención temperá de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 29/07/2025 13:37:40
María Encarnación Amigo Díaz na data 29/07/2025 13:38:04
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:38:32
Nicole Grueira Fernández na data 29/07/2025 13:38:59
Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/07/2025 13:39:14
Argimiro Marnotes Fernández na data 29/07/2025 13:39:41
Noelia Pérez López na data 29/07/2025 13:40:12
Ethel Vázquez Mourelle na data 29/07/2025 13:40:28
Maria Magdalena Perez Millares na data 29/07/2025 13:40:39



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:42:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:42:13
Nº Rexistro: 29864
Data envío: 29/07/2025 13:42:13.910

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:44:10
Nº Rexistro: 29865
Data envío: 29/07/2025 13:44:10.804

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:37
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Plan Corresponsables non se trata dun simple programa de axudas, senón dunha ferramenta clave para transformar o modelo de coidados, recoñecendo, dignificando e profesionalizando o traballo de coidados, tradicionalmente invisibilizado e feminizado, e facilitando a conciliación real para as familias.

Este plan contou cun investimento inicial de máis de 190 millóns de euros desde 2021, o que permitiu a súa implantación a pesar das dificultades derivadas da pandemia. Con todo, a execución das axudas sufriu unha serie de obstáculos por parte do Goberno central: convocatorias tardías, cambios constantes nos criterios técnicos, duplicidades entre anualidades e falta de previsión orzamentaria que puxeron en xaque a continuidade e estabilidade dos servizos ofrecidos polos concellos.

A pesar destas dificultades, as comunidades e cidades autónomas, en particular a Xunta de Galicia, foron sacando os programas adiante facilitando a conciliación das familias e sensibilizando en materia de corresponsabilidade.

Pero o verdadeiramente preocupante é a situación actual en 2025. O Ministerio de Igualdade, pretende recortar ata nun 25% de orzamento con respecto a anos anteriores, poñendo como condición que, para recibir o diñeiro as comunidades autónomas deben obrigatoriamente cofinanciar o diñeiro que deixa de achegar o Goberno.

Está situación resulta inadmisíble posto que nos atopamos no segundo trimestre do exercicio económico 2025, con programas xa iniciados, contratos xa comprometidos e familias con expectativas de solucionar os seus posibles problemas de conciliación grazas a estes recursos.

É irresponsable efectuar así un recorte sen precedentes, e que se comunique ás comunidades autónomas e destas aos concellos implicados, co exercicio orzamentario executado en case un 50%, que en consecuencia quedan sen capacidade de implementar partidas económicas para atender as necesidades das familias en materia de conciliación.

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:37
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:37
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ademais, é inxustificable que, con orzamentos prorrogados en 2025, o Goberno de España recorte, sen previo aviso, partidas que en anteriores exercicios viñeron destinando o mesmo orzamento. En concreto, 190 millóns de euros desde a súa posta en marcha en 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 30.02.232B.451 do Ministerio de Igualdade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o recorte no orzamento previsto polo Goberno de España para o Plan Corresponsables a través do que se impulsan diversas iniciativas no ámbito da conciliación e dos coidados?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 29/07/2025 13:37:30

Noelia Pérez López na data 29/07/2025 13:37:38

Ethel Vázquez Mourelle na data 29/07/2025 13:37:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/07/2025 13:38:05

Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:38:14,29/07/2025 13:38:22

Nicole Grueira Fernández na data 29/07/2025 13:38:57

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/07/2025 13:39:08

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/07/2025 13:40:51

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/07/2025 13:40:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:44:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:44:10
Nº Rexistro: 29865
Data envío: 29/07/2025 13:44:10.804

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:59:47
Nº Rexistro: 29878
Data envío: 29/07/2025 13:59:47,683

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:57
Por Víctor Baladrón L

A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O forte compromiso do Goberno galego co sector escénico vese reflectido nas numerosas axudas que a Xunta de Galicia leva impulsando nos últimos anos. Proba deste compromiso son os 870.000€ que a Xunta convoca este 2025 para as actividades de creación de artes escénicas, coa prioridade de favorecer a categoría de proxectos plurianuais, que tan boa recepción teñen no sector.

Sabemos que o momento artístico que están a vivir as compañías de artes escénicas galegas é notoria, por iso cremos que o pulo que o Goberno galego lle está a dar a este sector resulta fundamental para o seu éxito. Desta forma, a Axencia Galega das Industrias Culturais impulsa o creación, a difusión e a formación a través de múltiples programas e axudas. Unha labor que resulta fundamental para o apoio das artes escénicas e que conta co compromiso da Xunta de Galicia.

O datos avalan como se está a cumprir o obxectivo de consolidar o tecido industrial no sector cultural galego. Desta maneira, a promoción dun tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomenta a creación e potenciación de bens e servizos culturais de calidade. Porque favorecer a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos da nosa terra é crave, e desde o Goberno galego sabemos que se está a cumprir este obxectivo.

A Xunta de Galicia seguirá a traballar nesta dinámica pero compre destacar, e sobre todo avalar, a liña de axudas que o Goberno galego fomenta de cara as artes escénicas.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:

- Que balance fai das axudas e programas que o Goberno galego convoca para fomentar e consolidar o tecido escénico galego?

Asinado o día 29/07/2025 ás 13:57
Por Carmen Pomar Tojo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:59:47
Nº Rexistro: 29878
Data envío: 29/07/2025 13:59:47,683

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 29/07/2025 13:57:37
Rubén Lorenzo Gómez na data 29/07/2025 13:57:49
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:57:59
José Luis Ferro Iglesias na data 29/07/2025 13:58:08
María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/07/2025 13:58:16
Julio García Comesaña na data 29/07/2025 13:58:23
Patricia García González na data 29/07/2025 13:58:33
Raúl Santamaría González na data 29/07/2025 13:58:43
Cecilia Vázquez Suárez na data 29/07/2025 13:58:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 13:59:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 13:59:47
Nº Rexistro: 29878
Data envío: 29/07/2025 13:59:47,683

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O teléfono da infancia, 116111, é unha liña telefónica gratuíta que proporciona unha atención inmediata a situacións urxentes e problemáticas, á vez que pode facilitar aos nenos, nenas ou adolescentes unha vía de apoio, escoita ou de simple coñecemento das súas inquietudes e necesidades.

Tamén se dirixe a persoas adultas que teñan coñecemento de situacións nas que os dereitos de nenos, nenas e adolescentes estean a ser vulnerados. E a todas as persoas sen excepción que demanden información sobre os recursos e asesoramento en temas referentes aos dereitos da infancia.

A liña de axuda á infancia ten carácter confidencial e é un servizo prestado por psicólogos, apoiados por traballadoras sociais e avogados especializados en infancia e adolescencia durante as 24 horas, os 365 días do ano.

Trátase dun servizo xestionado por cada Comunidade Autónoma pero unificado en toda España, é dicir, o mesmo número telefónico (116111) ten atribuído o servizo de liña de axuda á infancia en todo o territorio español.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os apoios prestados a través do teléfono da infancia?

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 29/07/2025 13:54:08
Noelia Pérez López na data 29/07/2025 13:54:17
Ethel Vázquez Mourelle na data 29/07/2025 13:54:39
María Encarnación Amigo Díaz na data 29/07/2025 13:54:51
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 13:55:06
Nicole Grueira Fernández na data 29/07/2025 13:55:23
Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/07/2025 13:55:31
Argimiro Marnotes Fernández na data 29/07/2025 13:55:42
Maria Magdalena Perez Millares na data 29/07/2025 13:55:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 14:00:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 29879
Data envío: 29/07/2025 14:00:01.275

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 10:48:27
Nº Rexistro: 29892
Data envío: 30/07/2025 10:48:27.938

Asinado o día 30/07/2025
10:47
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno que preside Pedro Sánchez mantén a súa folla de ruta de impoñer un traslado de migrantes pactado con Puigdemont e co País Vasco, sen falar co resto das comunidade autónomas e obrigando ás facendas autonómicas a asumir todo o custe de atender a estes menores non acompañados.

Con acerto, desde a Xunta de Galicia lévanse meses reclamando diálogo, e fronte a isto o Goberno de Sánchez so ofrece unha nula planificación (a día de hoxe non sabemos cando e como prevé facer os traslados) e un recorte total do financiamento (o Goberno admitiu que o 100% do acollemento será asumido polas diferentes autonomías)

Ata 2024, os traslados facíanse de forma acordada e dialogada entre o Ministerio e as diferentes comunidades. Para contentar a Cataluña e País Vasco, o Goberno do PSOE e Sumar optou pola vía da imposición e por iso Galicia, xunto a outras 10 comunidades de distinto signo político, ten presentado un recurso ante o Tribunal Constitucional.

Galicia non vai cambiar a súa política de protección de menores, baseada na integración e no mesmo trato a todos os menores con independencia do seu lugar de nacemento, para crear guetos e macrocentros, tal e como pretenden os actuais dirixentes do Goberno de España. O sistema de protección galego ten unha sobreocupación do 108% e non pode asumir o acollemento doutros 300 menores.

Cómpre non esquecer que o Goberno Sánchez deseñou uns criterios de distribución de menores que están feitos á medida dos socios de Sánchez. Proba

Asinado o día 30/07/2025 ás 10:46
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 30/07/2025 ás 10:46
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





disto é que Galicia tería que acoller a 317 menores, mentres que a Cataluña e ao País Vasco se lle asignan 0 menores.

Galicia sempre foi solidaria pero non vai permitir que as decisións arbitrarias do Goberno central poñan en risco o sistema de protección autonómico -cómpre insistir- un dos máis integradores.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da pretensión do Goberno de España de impoñer, dun xeito unilateral e sen diálogo, un sistema de distribución de menores non acompañados entre as distintas comunidades autónomas?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 30/07/2025 10:46:41
María Encarnación Amigo Díaz na data 30/07/2025 10:46:52
Víctor Baladrón Lamas na data 30/07/2025 10:47:05
Nicole Grueira Fernández na data 30/07/2025 10:47:21
Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/07/2025 10:47:31
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/07/2025 10:47:44
Noelia Pérez López na data 30/07/2025 10:47:56
Ethel Vázquez Mourelle na data 30/07/2025 10:48:05
Maria Magdalena Perez Millares na data 30/07/2025 10:48:12



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 10:48:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 10:48:27
Nº Rexistro: 29892
Data envío: 30/07/2025 10:48:27.938

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Na súa reunión do 15 de xullo de 2025, o Consello da Xunta aprobou a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), cun investimento de 346.444 euros, un incremento respecto ao convenio anterior.

Este acordo permitirá atender no curso vindeiro a 308 alumnos e alumnas con cegueira ou discapacidade visual grave, escolarizados en centros de ensino regrado en toda Galicia, mediante a intervención dun equipo de sete docentes especializados que prestarán atención directa e personalizada en réxime itinerante nas catro provincias.

A distribución destes profesionais, pertencentes ao corpo de mestres, garante unha cobertura territorial equilibrada: tres mestres na provincia da Coruña (dous na cidade herculina e un en Santiago), un en Lugo, un en Ourense e dous na provincia de Pontevedra (un en Vigo e un en Pontevedra). Atenderán alumnado de Primaria, 1º e 2º da ESO e tamén estudantes de centros ou unidades de educación especial.

A través deste convenio, a Xunta comprométese a dotar aos centros educativos dos materiais e recursos necesarios para garantir a plena inclusión do alumnado, incluíndo a adaptación de libros e materiais curriculares a formatos accesibles como o braille ou a gravación en audio.





Pola súa parte, a ONCE reforzará o apoio técnico e material ás familias, ofrecerá formación específica ao profesorado e desenvolverá actividades de sensibilización nos centros para dar visibilidade á realidade das persoas con discapacidade visual.

Este acordo enmárcase na firme aposta da Xunta por unha escola inclusiva, sustentada na Estratexia de inclusión educativa 2030, e que fai posible que Galicia sexa hoxe a comunidade con maior inclusión do Estado, cun 93 % do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios, fronte ao 85,2 % da media nacional. Un modelo que conta co traballo diario de preto de 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade.

Tendo en conta a relevancia deste convenio, o seu impacto directo na calidade educativa e o reforzo que supón para a igualdade de oportunidades, resulta oportuno coñecer con máis detalle as súas liñas de actuación, a previsión de execución e os mecanismos de seguimento previstos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o alcance do convenio renovado entre a Xunta de Galicia e a ONCE para garantir a plena inclusión educativa do alumnado con discapacidade visual en Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 30/07/2025 11:25:05
Víctor Baladrón Lamas na data 30/07/2025 11:25:16
José Luis Ferro Iglesias na data 30/07/2025 11:25:29
Patricia García González na data 30/07/2025 11:25:40
Rubén Lorenzo Gómez na data 30/07/2025 11:25:50
Carmen Pomar Tojo na data 30/07/2025 11:26:03
María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/07/2025 11:26:14
Raúl Santamaría González na data 30/07/2025 11:26:25
Cecilia Vázquez Suárez na data 30/07/2025 11:26:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 11:26:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 11:26:53
Nº Rexistro: 29971
Data envío: 30/07/2025 11:26:53.971

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Presidente da Xunta de Galicia anunciou o pasado 15 de xullo, tras o Consello da Xunta, a posta en marcha do programa Activa I+G+i, a primeira gran iniciativa de axudas do novo Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, cun investimento inicial de case 53 millóns de euros. Este programa, cofinanciado con fondos europeos (Galicia Feder 2021-2027), busca fomentar a transferencia de coñecemento e consolidar unha I+D+i colaborativa e orientada ao tecido produtivo galego, promovendo a cooperación entre empresas, centros tecnolóxicos e universidades.

O novo Plan galego está dotado con máis de 1.300 millóns de euros ata 2027, e só con esta primeira convocatoria espérase mobilizar máis de 100 millóns de euros en recursos público-privados.

O programa estrutúrase arredor de catro convocatorias:

- **Nexos**, con 28 M€, a máis ambiciosa da historia nesta liña, orientada a apoiar 50 proxectos colaborativos entre pemes e centros de coñecemento, en ámbitos estratéxicos.
- **Unidades mixtas de investigación**, cun orzamento de 12 M€, que permitirá crear novas unidades e consolidar as xa existentes, esixindo neste caso a participación obrigatoria dunha peme.
- **Fortalecemento de centros tecnolóxicos**, con 9,75 M€, que apoiará investimentos en infraestruturas e equipamentos de investigación, tamén con novidades como a posibilidade de financiar obras en espazos xa equipados.
- **Recuperación da excelencia Neotec**, con 3 M€, destinada a apoiar empresas que superaron os limiares do programa estatal Neotec pero non





recibiron financiamento, garantindo así a continuidade de proxectos altamente innovadores.

Desde 2014, só a liña de unidades mixtas permitiu crear ou consolidar 54 consorcios estratéxicos, con máis de 830 empregos xerados e 152 M€ mobilizados, con exemplos de éxito como o Centro Mixto UDC-Navantia ou o proxecto CIGAT Circular de Viaqua-Cetaqua.

Estas medidas sitúan a Galicia como referente no impulso da innovación aplicada, facilitando que a ciencia galega reverta directamente no tecido económico, na competitividade das empresas e no benestar da sociedade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o alcance e a planificación do programa Activa I+G+i aprobado pola Xunta no marco do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 30/07/2025 11:30:56
Víctor Baladrón Lamas na data 30/07/2025 11:31:07
José Luis Ferro Iglesias na data 30/07/2025 11:31:19
Patricia García González na data 30/07/2025 11:31:29
Rubén Lorenzo Gómez na data 30/07/2025 11:31:41
Carmen Pomar Tojo na data 30/07/2025 11:31:54
María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/07/2025 11:32:07
Raúl Santamaría González na data 30/07/2025 11:32:18
Cecilia Vázquez Suárez na data 30/07/2025 11:32:28



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 11:32:46
Nº Rexistro: 29973
Data envío: 30/07/2025 11:32:46.910

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 11:32:47

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:04:26
Nº Rexistro: 29981
Data envío: 30/07/2025 12:04:26.880

Asinado o día 30/07/2025 ás 11:48
Por Patricia García G

A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Julio García Comesaña, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Rubén Lorenzo Gómez, Cecilia Vázquez Suárez, Raúl Santamaría González e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O compromiso do Goberno galego coa preservación e posta en valor da riqueza cultural de Galicia non é só unha declaración de intencións, é unha realidade palpable. Este compromiso foi unha das promesas electorais do Partido Popular de Galicia, que liderado polo presidente Alfonso Rueda, anunciou nos días previos ás eleccións autonómicas do 18 de febreiro o desexo de comprar o Teatro Fraga de Vigo.

Un espazo cargado de historia que aspira a renacer como epicentro cultural da cidade olívica. A reapertura deste edificio emblemático é un proxecto de gran envergadura destinado a converterse nun motor de dinamización cultural. O Teatro Fraga, testemuña de grandes fitos artísticos e sociais, é un espazo cheo de posibilidades que será meticulosamente recuperado e adaptado as necesidades que demanda a sociedade.

Proba da recuperación deste espazo, foi a escoita activa que o Goberno Galego fixo neste proxecto. Para iso, púxose en marcha unha caixa de correo virtual, coa finalidade de recoller propostas, ideas e suxestións que axuden a deseñar o plan de usos que enriquecerá este teatro. Esta iniciativa enmárcase dentro da campaña "O mellor espazo busca o mellor contido", un proceso participativo que non só habilitou esta canle dixital de propostas, senón que tamén promoveu un calendario de reunións presenciais.

Nestes encontros, diferentes colectivos, representantes do sector cultural e veciñanza achegaron as súas inquedanzas e expectativas, contribuíndo a debater e perfilar o futuro do Teatro Fraga. Con esta iniciativa o Goberno galego afianza a súa aposta pola recuperación dun dos espazos culturais máis destacados de Galicia. O Teatro Fraga simboliza o inicio dunha nova etapa cultural en Vigo, onde a cidade volverá gozar da súa vida artística e social.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Asinado o día 30/07/2025 ás 11:48
Por Julio García Comesaña

Asinado o día 30/07/2025 ás 11:48
Por Carmen Pomar Tojo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:04:26
Nº Rexistro: 29981
Data envío: 30/07/2025 12:04:26.880

Que balance fai o Goberno galego dos pasos que se están a seguir na recuperación e posta en funcionamento do Teatro Fraga de Vigo?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 30/07/2025 11:48:08
Julio García Comesaña na data 30/07/2025 11:48:20
Patricia García González na data 30/07/2025 11:48:29
Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/07/2025 11:48:41
José Luis Ferro Iglesias na data 30/07/2025 11:48:54
Rubén Lorenzo Gómez na data 30/07/2025 11:49:07
Víctor Baladrón Lamas na data 30/07/2025 11:49:32
Cecilia Vázquez Suárez na data 30/07/2025 11:49:46
Raúl Santamaría González na data 30/07/2025 11:50:12
María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/07/2025 11:50:21



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/07/2025 12:04:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:04:26
Nº Rexistro: 29981
Data envío: 30/07/2025 12:04:26.880

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2025 12:05:16
Nº Rexistro: 29983
Data envío: 30/07/2025 12:05:16.137

Asinado o día 30/07/2025 ás 12:00
Por José Luis Ferro Iglesias

A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Deseñada por Peter Eisenman e impulsada polo Goberno galego, no cumio do Monte Gaiás atópase a Cidade da Cultura de Galicia. Un fito arquitectónico contemporáneo dedicado ao coñecemento e á creatividade.

Cada ano, achéganse a este complexo cultural máis dun millón de persoas que buscan desfrutar da ampla súa oferta de actividades, que abarcan dende propostas culturais de renome ata traballos formativos, pasando por congresos, reunións, etc. Para todos aqueles que, por un motivo ou outro, chegan a Santiago de Compostela a Cidade da Cultura converteuse nunha visita obrigada.

As persoas visitantes poden acceder libremente durante todo o ano e incluso percorrer os exteriores: desde as Torres Hejduk ata a praza central e os impresionantes edificios, ademais do programa de visitas guiadas.

Dende logo, máis de 20 anos despois da colocación da súa primeira pedra, cómpre salientar que a Cidade da Cultura se ten convertido nun referente cultural non só de Galicia, senón de toda España, grazas ao traballo desenvolvido por institucións públicas e privadas que, en colaboración, desenvolven unha actividade amplamente recoñecida.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que balance fai o Goberno galego da actividade da Cidade da Cultura de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2025.

Asinado o día 30/07/2025 ás 12:00
Por Carmen Pomar Tojo

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 30/07/2025 12:00:05
Que medidas ten previstas a Consellería de Sanidade para garantir a reposición dun ou dunha pediatra no Concello de Outeiro de Rei?

Santiago de Compostela, a 31 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

101375

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 31/07/2025 13:18:47

Elena Espinosa Mangana na data 31/07/2025 13:18:55

Silvia Longueira Castro na data 31/07/2025 13:19:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:32:34
Nº Rexistro: 30218
Data envío: 31/07/2025 13:32:34.058

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 13:32:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:32:34
Nº Rexistro: 30218
Data envío: 31/07/2025 13:32:34.058

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:33:45
Nº Rexistro: 30220
Data envío: 31/07/2025 13:33:45.806

Asinado o día 31/07/2025
13:20
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 31 de agosto do 2017 persoal do hospital, alcaldes/as e veciños rexeitaban xa naquel intre a reforma da Lei, pedindo que se retirara o anteproxecto de reforma a lei de Saúde, que entre outros cambios incluía a supresión da area sanitaria. Esta foi materializada o 14 de decembro do 2017.

Os cambios no mapa sanitario converterían a comarca nun distrito sanitario de Lugo tal e como se denunciaba por parte da Xunta de Persoal, coma así aconteceu. Provocando un deterioro na sanidade publica na comarca da mariña, apuntalando os recortes e menoscabando a calidade asistencial dos e das usuarias.

Con isto se obrigaba aos mariñáns a percorrer mais de 100 km para ser atendidos para cuestión que se poderían levar a cabo no hospital comarcal da mariña. Mermando os recursos sanitarios e humanos, e sen poder de decisión por parte do centro.

A día de hoxe se pon de manifesto a incapacidade para cubrir as necesidades da poboación da mariña polos recortes da Xunta de Galicia, tal e como denuncia a xunta de persoal pola falla fundamentalmente de recursos humanos.

Denuncian estar baixo mínimos e que isto repercute na saúde da xente. Ven como as consultas se retrasan están reducidas ou simplemente cerradas, se

Asinado o día 31/07/2025 ás
13:19
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 31/07/2025 ás
13:19
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

101378

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:33:45
Nº Rexistro: 30220
Data envío: 31/07/2025 13:33:45.806

incrementan as listas de espera, seguimentos que poderían realizarse de xeito ambulante acaban derivando en ingresos, derivacións a centros privados, déficit de especialistas.

Lonxe de buscar solucións aos problemas están a acusar de “transfondo político” as concentracións diante do hospital de Burela. Cando a realidade pon de manifesto que o único que perseguen é mellorar a sanidade pública e polo tanto a saúde das persoas.

A desigualdade dos recursos e dos servizos en función do centro hospitalario agudiza a desigualdade do acceso aso mesmos. O que xera diferencias polo lugar de residencia dos pacientes, facendo cidadáns de primeira e de segunda. Existe unha gran preocupación por parte dos sanitarios sobre a eficiencia dos recursos e a eficiencia sobre a atención sanitaria, e evidentemente isto pode diluír a atención personalizada.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Contempla a Xunta de Galicia recuperar a área sanitaria da Mariña co fin garantir unha atención de calidade a toda a poboación, con facultade plena de xestión dos recursos para acadar unha maior eficiencia e eficacia?

Santiago de Compostela, a 31 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

101379

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 31/07/2025 13:19:50

Elena Espinosa Mangana na data 31/07/2025 13:19:58

Silvia Longueira Castro na data 31/07/2025 13:20:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:33:45
Nº Rexistro: 30220
Data envío: 31/07/2025 13:33:45.806

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:33:45
Nº Rexistro: 30220
Data envío: 31/07/2025 13:33:45.806

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 13:33:46

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:34:25
Nº Rexistro: 30223
Data envío: 31/07/2025 13:34:25.019

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Concello de Cervo incrementa notablemente a súa poboación durante os meses de verán debido ao turismo, ao retorno estacional de persoas que residen fora, de retornados emigrantes e visitantes ocasionais. Esta situación e coñecida e recorrente ano tras ano, o que xera unha sobrecarga asistencial nos dou centros de saúde.

En datas recentes e segundo comunica a propia dirección da xerencia da area sanitaria a partir do vindeiro 7 de xullo do ano en curso vaise suprimir a atención médica programada en ambos centros de saúde, centralizando a asistencia en unha soa médica para ambas localidades, con un horario reducido e un sistema de atención sen cita previa, o cal é insuficiente e contraproducente para atender as necesidades reais da poboación residente e visitante.

Dita medida pon en risco a adecuada atención sanitaria do Concello (residentes e visitantes) pero tamén pon en risco a atención do conxunto da mariña saturando os PAC e as Urgencias do Hospital da Mariña, xa de por si moi mermadas. Vulnerando o principio de equidade de acceso aos servizos públicos esenciais co deterioro da confianza da cidadanía no sistema sanitario.

Asinado o día 31/07/2025 ás
13:20
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 31/07/2025 ás
13:20
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

101382

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:34:25
Nº Rexistro: 30223
Data envío: 31/07/2025 13:34:25.019

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Contempla a Xunta de Galicia reverter a situación que se vai a dar no Concello de Cervo e reforzar a atención sanitaria nos dous centros de saúde?

Santiago de Compostela, a 31 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

101383

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 31/07/2025 13:20:35

Elena Espinosa Mangana na data 31/07/2025 13:20:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:34:25
Nº Rexistro: 30223
Data envío: 31/07/2025 13:34:25.019

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:34:25
Nº Rexistro: 30223
Data envío: 31/07/2025 13:34:25.019

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 13:34:25

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:42:51
Nº Rexistro: 30228
Data envío: 31/07/2025 13:42:51.455

Asinado o día 31/07/2025 ás 13:30
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Unha boa comunicación de acceso ao porto da Guarda non só favorecerá a súa seguridade e eficiencia, senón que é un elemento esencial para impulsar o desenvolvemento económico da vila.

A Guarda conta cun porto pesqueiro de gran relevancia que, na actualidade, carece dunha conexión axeitada coa estrada PO-552, principal vía de entrada e saída da localidade. Esta carencia dificulta enormemente o tráfico, especialmente o tránsito de vehículos pesados, chave para a actividade pesqueira e outras actividades económicas ligadas ao porto.

Esta necesidade de mellorar a comunicación co porto vén de vello. Xa no PXOM de 1993 recollíase a proposta dun novo acceso desde o sur, recoñecendo o seu carácter estratéxico.

A chamada rúa Concepción Arenal (Estrada Provincial EP-3401) se construíu a mediados do século XX como principal acceso ao porto, pero hoxe é una vía urbana. E moitos mais dende o ano 2019 cando rematan as obras de humanización é pasa a ser de plataforma única con preferencia peonil.

Esta nova concepción, necesaria dado o crecemento da vila, dificulta en gran medida o acceso ao porto, en particular para o tráfico pesado. Por este motivo faise necesario un novo acceso o Porto.

Asinado o día 31/07/2025 ás 13:29
Por Carlos López Font

Asinado o día 31/07/2025 ás 13:29
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

101386

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:42:51
Nº Rexistro: 30228
Data envío: 31/07/2025 13:42:51.455

Desde o Grupo Parlamentario Socialista enténdese que ademais da pesca existen outras actividades, importantes para o tecido económico da vila que dependen dun novo acceso o porto. Ademais esta infraestrutura, foi demanda por diversas asociacións empresariais, culturais, deportivas e sociais.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Está disposta a Xunta de Galicia a construír un viario de acceso sur ao porto da Guarda?

Parlamento de Galicia, 31 de xullo de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

101387

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 31/07/2025 13:29:21

Carlos López Font na data 31/07/2025 13:29:31

Paloma Castro Rey na data 31/07/2025 13:30:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:42:51
Nº Rexistro: 30228
Data envío: 31/07/2025 13:42:51.455

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2025 13:42:51
Nº Rexistro: 30228
Data envío: 31/07/2025 13:42:51.455

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 13:42:52

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30277
Data envío: 31/07/2025 16:01:10.023

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa reposta oral en Pleno**.

A recente proposta da Comisión Europea para a asignación de fondos Europeos destinados a Política Agraria Común (PAC) e aos fondos rexionais de Cohesión para o ciclo orzamentario da Unión Europea do 2028 a 2034 ten xerado unha gran preocupación no sector primario galego. Con un modelo produtivo baseado nas pequenas e medianas explotacións familiares, que verían seriamente comprometida a súa viabilidade económica, ambiental e social se esta redución chega a materializarse.

A PAC ten sido historicamente un instrumento cruce para garantir a estabilidade e o desenvolvemento do medio rural, aportando recursos esenciais tanto a través das axudas directas como de programas de desenvolvemento rural. O seu mantemento é crucial para soste o emprego evitar o abandono do campo e favorecer a fixación da poboación en zonas rurais.

A redución dos fondos afectaría a rendibilidade das explotacións de xeito directo pero tamén a súa capacidade de adaptación aos retos ambientais, innovación tecnolóxica e a relevo xeracional, elementos estes indispensables para un sector primario competitivo e sostible.

A PAC garante a seguridade alimentaria, un nivel de vida xusto da comunidade agraria o mantemento da cohesión social, a subsistencia do medio rural e contribúen a sostenibilidade medio ambiental da Unión Europea. Tal e como manifestaron Ministros de 20 países entre eles o Ministro de

Asinado o día 31/07/2025 ás
15:54
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 31/07/2025 ás
15:54
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

101390

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-Rqr5b0y3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30277
Data envío: 31/07/2025 16:01:10.023

Agricultura Pesca e Alimentación, Luís Planas, nunha declaración conxunta para manter unha PAC autónoma, independente e estratéxica.

Para facer fronte aos retos aos que nos estamos a enfrontar como a adaptación ao cambio climático, a volatilidade dos mercados e a renovación xeracional no sector agrario, o próximo marco financeiro ten que apostar por esa PAC que faga o sector competitivo e sostible.

A PAC debe manter os dous pilares existentes, as axudas directas fundamentais para proporcionar o apoio necesario para a renda dos agricultores e gandeiros e as axudas para o desenvolvemento rural imprescindibles para manter a poboación no medio rural e promover as inversións da modernización e innovación de explotacións agrarias e infraestruturas rurais.

Gracias as axudas directas, medidas agroambientais e programas de desenvolvemento rural, logrouse manter activa unha parte esencial da nosa economía e a nosa identidade cultural. O seu debilitamento supón unha ameaza directa para a viabilidade de miles de explotacións e para o equilibrio territorial de Galicia.

Ante esta situación faise imprescindible que a Xunta de Galicia co seu presidente a cabeza adopte un papel activo na defensa do mantemento dos actuais niveis de financiación da PAC e traballando de xeito coordinado coas organizacións agrarias.

A Xunta ten que liderar esta defensa nun momento crítico para o noso medio rural, manter unha PAC forte, xusta e adaptada as características e necesidades de Galicia non e unha cuestión so económica senón tamén unha aposta polo futuro do territorio, do medio ambiente e das persoas que o habitan.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

101391

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30277
Data envío: 31/07/2025 16:01:10.023

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia rexeitar publicamente a proposta feita pola comisión europea de redución de fondos da PAC defendendo o seu mantemento nos dous piares, o relativo as axudas directas e ao desenvolvemento rural?

Santiago de Compostela, a 31 de xullo do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

101392

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 31/07/2025 15:54:47

Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/07/2025 15:54:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30277
Data envío: 31/07/2025 16:01:10.023

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/07/2025 16:01:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30277
Data envío: 31/07/2025 16:01:10.023

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:37:15
Nº Rexistro: 30298
Data envío: 01/08/2025 09:37:15.411

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración por parte do goberno galego sobre o informe verbo das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero 2018-2022 e as rectificacións que debe impulsar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de xullo o Consello de Contas facía públicos e remitía ao Parlamento galego diversos informes de fiscalización. Entre eles o Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma 2018-2022 que o Consello comezou a elaborar a impulso, precisamente, do Parlamento Galego, que no ano 2023 adoptou o acordo de recomendar ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (PEVG) recibidos pola Comunidade Autónoma no período 2018 a 2022. Máis aínda, por iniciativa do Consello, acordouse ampliar o ámbito do informe á totalidade das actuacións desenvolvidas para a prevención integral da violencia de xénero, contidas no programa orzamentario 313D Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero, do que forman parte as realizadas cos fondos do PEVG.

Este informe, aínda que atinxe a un marco temporal reducido, permite ver distintas cuestión sobre o alcance e eficacia das políticas públicas de loita contra a violencia machista no noso país. Así, o obxectivo xeral do informe é analizar se as actuacións de prevención integral contra a violencia de xénero son congruentes cos recursos asignados e se adecúan aos principios de boa xestión, co fin de formular recomendacións que melloren as actuacións públicas.

Asinado o día 01/08/2025 ás
09:35
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 01/08/2025 ás
09:35
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:37:15
Nº Rexistro: 30298
Data envío: 01/08/2025 09:37:15.411

Tal e como recolle o informe, como obxectivos específicos, analizáronse se os sistemas, os procedementos de xestión e os recursos humanos dispoñibles son adecuados e suficientes para a execución das medidas de prevención integral desta violencia. A fiscalización operativa consistiu en avaliar, en termos de eficacia e eficiencia, as actuacións desenvolvidas pola Comunidade para dar cumprimento aos obxectivos do programa orzamentario 313D, especialmente no referido ao cumprimento das medidas do PEVG. Porén, o informe sinala criticamente que a falta de indicadores para medir o impacto real das actuacións non posibilitou a realización dunha auditoría operativa completa, cuestión que xa nos dá idea da necesidade de avanzar en máis e mellores indicadores de seguimento das políticas públicas.

O informe recolle conclusións que deben ser avaliadas e que deben levar á corrección das políticas públicas. Así, se ben o programa 313D Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero aumentou en contía e execución na última década, froito da presión social feminista que impediu recortes na materia e froito da inxección de fondos a partir do exercicio 2018 coas transferencias dos fondos do Pacto de Estado, a maior actividade que supuxo o desenvolvemento do PEVG e a maior capacidade económica non se acompañou dunha adaptación do cadro de persoal, Máis aínda, o Informe de Contas recolle que a Xunta de Galiza reduciu o número de efectivos da subdirección de 19 persoas no exercicio 2018 a 17 en 2022, o que implicou que se recorreu á contratación temporal de seis técnicos desde o ano 2019. Todo isto sen termos en conta unha óptica máis ampla que avalíe o persoal público que debería destinarse ao sostemento doutros recursos e, singularmente, a necesidade de dotar e consolidar o persoal dos CIM tal e como reclama o municipalismo galego e as asociacións de profesionais destes centros.

Outros aspectos que sinala o informe son a carencia dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia de xénero ao carecer ademais os plans de igualdade xenéricos de indicadores de impacto ou o reducido peso do asociacionismo na composición do Observatorio Galego de Violencia de Xénero onde non se desenvolven





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:37:15
Nº Rexistro: 30298
Data envío: 01/08/2025 09:37:15.411

actividades que fagan estudo, avaliación e seguimento de políticas contra a violencia de xénero que se deben desenvolver no noso país.

A deficiencia máis importante sinalada no informe, e coherente coas demandas que leva anos facendo o asociacionismo feminista, colectivos profesionais ou este grupo parlamentario, é que o groso do orzamento vai destinado ás actuacións de protección e atención das vítimas. Se ben este é un destino necesario no que cada euro público investido é un acerto, hai que ter en conta que coa experiencia e os estudos das últimas décadas, e mesmo as conclusións da Comisión de Igualdade do propio Parlamento, hai unanimidade arredor da necesidade de intensificar a prevención e a sensibilización. De feito, este é un aspecto no que xa insistía a lei galega impulsada no ano 2007 e que foi referencial e vangarda a nivel europeo.

Máis aínda, nun contexto de rearme do machismo e de normalización dos discursos banalizadores e negacionistas, é preciso intensificar a concienciación social en todas as capas de idade. Porén, as políticas do goberno galego non foron nesta dirección.

Así mesmo, o informe amosa carencias na escasa labor de sensibilización como a corta duración das campañas ou a falta de posta en marcha das medidas contratadas. Chama ademais a atención que se vai atrasando a posta en marcha a despois do verán cando precisamente, como recentemente demandaba este Grupo Parlamentario, é precisa a posta en marcha neste período de incremento de riscos.

Por outra banda, o informe fai constar que algunhas actuacións do proxecto para información, prevención, sensibilización e formación no ámbito da violencia de xénero refírense a medidas para o desenvolvemento de políticas de igualdade home-muller e non especificamente á prevención da violencia de xénero, afondando na deriva do goberno galego en desvincular a violencia de xénero da análise do patriarcado e diluír cada vez máis ese factor no seu discurso.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:37:15
Nº Rexistro: 30298
Data envío: 01/08/2025 09:37:15.411

Outro aspecto preocupante do informe é que na mesma liña doutras actuacións da Xunta, para a realización dalgunhas das actuacións acudiuse á contratación menor en vez de realizar contratos con publicidade e concorrência.

Para alén destas cuestións, cabe salientar que o informe recolle a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas e como o goberno galego continúa descansando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou derivándoos a centros privados, como recentemente fixo cos centros de crise 24 horas. Así, o informe recolle que “No período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia de xénero na Comunidade Autónoma son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio da Comunidade Autónoma.”

Finalmente, cabe lamentar que nas alegacións formuladas por parte da Xunta de Galiza se caía en prexuízos revitimizadores das mulleres e en afirmacións que non favorecen a loita contra a violencia machista nin a confianza nos sistemas públicos de protección. Declaracións que, no momento de se rexistrar esta iniciativa, non foron rectificadas nin reprobadas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que rectificacións vai impulsar o goberno galego na súa política de loita contra a violencia machista despois do demoledor e clarificador informe do Consello de Contas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2025 9:35:09

Olalla Rodil Fernández na data 01/08/2025 9:35:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:37:15
Nº Rexistro: 30298
Data envío: 01/08/2025 09:37:15.411

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 9:37:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:37:15
Nº Rexistro: 30298
Data envío: 01/08/2025 09:37:15.411

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reprobación por parte do Parlamento galego das irresponsables afirmacións do Director Xeral de loita contra a violencia de xénero Roberto Barba nas alegacións ao informe verbo das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero 2018-2022 do Consello de Contas.

Asinado o día 01/08/2025 ás
09:55
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que o goberno Rueda iniciara a lexislatura eliminando a Secretaría Xeral de Igualdade para rebaixar, por primeira vez en décadas e desde a súa existencia, o rango institucional das políticas de loite a contra a violencia, a sociedade galega asistiu con espanto a distintas declaracións irreponsables por distintos responsables políticos da Xunta de Galiza que contribúen a banalizar a violencia machista ou a vitimizar e culpabilizar ás mulleres.

Recentemente, o pasado 31 de xullo o Consello de Contas facía públicos e remitía ao Parlamento galego diversos informes de fiscalización. Entre eles o Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma 2018-2022 que o Consello comezou a elaborar a impulso, precisamente, do Parlamento Galego, que no ano 2023 adoptou o acordo de recomendar ao Consello de Contas presentar un informe de fiscalización sobre o destino dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (PEVG) recibidos pola Comunidade Autónoma no período 2018 a 2022.

Asinado o día 01/08/2025 ás
09:55
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nas alegacións formuladas por parte da Xunta de Galiza e asinadas polo Director Xeral de loita contra a violencia de xénero Roberto Barba incórrense en prexuizos revitimizadores das mulleres e en afirmacións que non favorecen a loita contra a violencia machista nin a confianza nos sistemas públicos de protección, como a desvinculación da sensibilización do éxito na loita ou a denuncia e separación como detonante expresado de forma non adecuada e culpabilizadora.

Estas declaracións, nun contexto de rearme do machismo, de avance da manosfera e de retrocesos discursivos, políticos e institucionais impulsados pola dereita, son máis do que intolerables, son un paso atrás e un retroceso que non podemos permitir nun país que se caracterizou por grandes e importantes compromisos como a lei galega do ano 2007.

No momento de asinar esta iniciativa estas declaracións non foron rectificadas nin reprobadas nin foi cesado o seu asinante.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza non cesou ao Director Xeral de loita contra a violencia despois de asinar unhas alegacións intolerables no *Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero?*

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2025 9:55:00

Olalla Rodil Fernández na data 01/08/2025 9:55:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:56:38
Nº Rexistro: 30304
Data envío: 01/08/2025 09:56:38,912

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 9:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 09:56:38
Nº Rexistro: 30304
Data envío: 01/08/2025 09:56:38,912

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as as necesarias reformas nos centros educativos de Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Arteixo é un dos que máis medra en poboación da comarca da Coruña, unha das máis poboadas do país. Os centros escolares de que dispón Arteixo precisan unha actualización estrutural que, nalgúns casos, está prevista (como é o caso do Instituto Manuel Murguía, para o que a Xunta de Galiza anunciou obras de rehabilitación por valor de 1,3 millóns de euros, e o Instituto da Pastoriza, para o que o goberno autonómico prevé 2,1 millóns de euros para a súa ampliación por necesidades de escolarización e oferta educativa), mais resta por saber cales son as previsións en relación cos restantes centros (só temos coñecemento do peche da escola de Educación Infantil da Lagoa).

Entre outras melloras, no Pleno Municipal de Arteixo do mes de abril aprobouse unha moción pola que se demanda á Xunta de Galiza a adopción de medidas para a adaptación dos centros á realidade climática actual, xa que cando foron planificados e construídos a previsión é que non fosen utilizados nos meses de máis calor. Hoxe en día, iso non acontece así, e as altas temperaturas que se acadan en meses lectivos fan preciso facer renovacións que permitan que alumnado, profesorado e persoal non docente dos centros poida desenvolver as súas actividades axeitadamente durante as vagas de calor, cada vez máis frecuentes.

Asinado o día 01/08/2025 ás
10:37
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 01/08/2025 ás
10:37
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Faise preciso, ademais, prever a evolución demográfica do concello para adaptar a oferta educativa ao crecemento do concello e, como é obvio, esta adaptación é preciso planificala con tempo suficiente. Existe en Arteixo demanda suficiente para un novo instituto, que leva anos a solicitarse desde diversas instancias debido á masificación dos actuais.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a previsión do goberno galego en canto á renovación e actualización dos centros de ensino de Arteixo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 01/08/2025 10:37:06

Cristina Fernández Davila na data 01/08/2025 10:37:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 10:40:00
Nº Rexistro: 30308
Data envío: 01/08/2025 10:40:00,477

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 10:40:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 10:40:00
Nº Rexistro: 30308
Data envío: 01/08/2025 10:40:00,477

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 13:32:40
Nº Rexistro: 30328
Data envío: 01/08/2025 13:32:40,043

Asinado o día 01/08/25
13:30
Por José Luis Ferro Iglesias

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) deu a razón á Xunta de Galicia respecto da tramitación dos proxectos eólicos, confirmando que é compatible co dereito comunitario, o que contribúe a normalizar o futuro deste sector na nosa comunidade.

O aval xudicial do máis alto tribunal europeo favorecerá recuperar a seguridade xurídica e avanzar cara o desenvolvemento eólico ordenado en Galicia. Ata o momento un total de 70 parques foron paralizados de maneira cautelar pola Sala Terceira do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) desde xaneiro do 2022.

O Tribunal Supremo emendou ata en catro ocasións esas decisións, polo que os maxistrados do TSXG optaron por acudir ao TXUE para que se pronunciase. Agora, o Tribunal con sede en Luxemburgo avalou o proceso de tramitación levado a cabo pola Xunta na autorización de todos eses parques.

Isto é unha mostra máis da rigorosidade da actuación do Goberno galego e dos técnicos e funcionarios da administración autonómica nas avaliacións ambientais para autorización de eólicos e na planificación da actividade. A Xunta de Galicia sempre tramitou os proxectos eólicos co máximo rigor e cumprindo a legalidade vixente, tal e como están a constatar os diferentes fallos xudiciais.

Para Galicia é vital acadar a seguridade xurídica que permita superar a parálise actual do sector e avanzar na descarbonización, pero sempre protexendo o medio ambiente e os espazos naturais. A resolución xudicial do alto tribunal europeo dá vía libre para o desbloqueo de importantes investimentos, tanto en parques como en proxectos industriais asociados a eles que estaban pendentes desta sentenza.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

Asinado o día 01/08/2025 ás
13:30
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 01/08/2025 ás
13:29
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- Que valoración fai o Goberno galego da recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión de Europea que avala a tramitación dos proxectos eólicos seguida pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 01/08/2025 13:29:54

Carmen Pomar Tojo na data 01/08/2025 13:30:04

José Luis Ferro Iglesias na data 01/08/2025 13:30:19

Cristina Campero Dorado na data 01/08/2025 13:30:35

María Deza Martínez na data 01/08/2025 13:30:47

Argimiro Marnotes Fernández na data 01/08/2025 13:31:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/08/2025 13:31:22

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/08/2025 13:31:45

Katherinie Varela Fernández na data 01/08/2025 13:31:56



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2025 13:32:40
Nº Rexistro: 30328
Data envío: 01/08/2025 13:32:40,043

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/08/2025 13:32:40

CSV: BOPGDSPG-Rqr5bdy3D-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

